

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Descrición decreto: EXPEDIENTE DE BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO**

**EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000310**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

A Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume aprobouse mediante acordo plenario do 27/03/2008, que se publicou no BOP nº 142 do 21/06/2008. O artigo un dispón que esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases xerais reguladoras do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Ponte deume, ao abeiro do réxime xurídico disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo sete da Ordenanza xeral establece que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Ponte deume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello.

De acordo co que se dispón no artigo 9 da ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Igual que se establece artigo 22 da Lei xeral subvencións (de carácter básico). Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.

Mediante providencia de alcaldía asinada dixitalmente o 18.05.2020 se inicia procedemento de incoación do expediente para a aprobación das *“bases reguladoras de axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Ponte deume, para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo R.D. 463/2020 de 14 de Marzo.*

Nesta providencia motívase o inicio deste expediente do seguinte xeito: *“As circunstancias extraordinarias xeradas polo brote de coronavirus COVID-19 provocan unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e sigue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias e urxentes de contención para axudar a mitigar o impacto económico causado por este brote pandémico. O Concello de Ponte deume non é unha excepción a esta grave situación, constatándose que todos os sectores económicos e especialmente os vinculados á hostalería, restauración, ensino ou comercio polo miúdo entre outros se enfrontan xa a graves dificultades económicas que motivaron expedientes de regulación temporal de emprego ou directamente despidos. Desta forma, e xunto con outra serie de medidas que se están preparando ou en proceso de estudo, este Concello*



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)

CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*establece unha primeira liña urxente e extraordinaria de axudas dirixidas aos colectivos máis prexudicados polo impacto económico do COVID-19 no Concello, e destinadas fundamentalmente e paliar a destrución do emprego, e promocionar o mantemento deste, na nosa Vila. O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de fomento e mantemento do emprego capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais. Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Ponte deume e axudar a que, unha vez finalizado o estado de alarma sanitaria, se produza canto antes o mantemento de emprego e novas contratacións, así como unha reactivación da nosa economía .”*

Por parte da Secretaria e Interventora emitíuse informe conxunto ref. 4/2020 sobre este asunto de natureza favorable con observacións.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar as “Bases reguladoras de axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Ponte deume, para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo R.D. 463/2020 de 14 de Marzo, o cal contido é o seguinte:

**BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO**

*As circunstancias extraordinarias xeradas polo brote de coronavirus COVID-19 provocan unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e sigue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias e urxentes de contención para axudar a mitigar o impacto económico causado por este brote pandémico.*

*O Concello de Ponte deume non é unha excepción a esta grave situación, constatándose que todos os sectores económicos e especialmente os vinculados á hostalería, restauración, ensino ou comercio polo miúdo entre outros se enfrontan xa a graves dificultades económicas que motivaron expedientes de regulación temporal de emprego ou directamente despidos.*

*Desta forma, e xunto con outra serie de medidas que se están preparando ou en proceso de estudo, este Concello establece unha primeira liña urxente e extraordinaria de axudas dirixidas aos colectivos máis prexudicados polo impacto económico do COVID-19 no Concello, e destinadas fundamentalmente e paliar a destrución do emprego.*

*O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de fomento e mantemento do emprego capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.*

*Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Ponte deume e axudar a que, unha vez finalizado o estado de*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

alarma sanitaria, se produza canto antes o mantemento de emprego e novas contratacións, así como unha reactivación da nosa economía.

O Concello de Ponte deume, exercendo de administración local que actúa coa proximidade e a eficiencia de coñecer a realidade do seu tecido empresarial e datos de emprego, quere cumprir coa súa actividade de fomento de emprego seguindo as regras de estabilidade orzamentaria e de gasto, sen prexuízo de poder sacar novas liñas de axudas ao longo do ano, segundo o que a situación en cada momento requira.

Nun momento en que as pequenas empresas do municipio están a incorrer en perdas pola situación de crise sanitaria mundial, o beneficio desta axuda afectará a toda a cidadanía, quedando a utilidade pública desta subvención xustificada, ao igual que a non duplicidade.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas, polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

### 1.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é fomentar o emprego neste exercicio 2020 tendo en conta a necesidade de paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e axudar a que non se minore a actividade económica no termo municipal de Ponte deume, outorgando unha axuda para paliar as perdas económicas ás persoas autónomas de Ponte deume afectadas directamente como consecuencia da suspensión da apertura ao público establecida no R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; desta forma, esta liña de subvencións pretende contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ao mantemento da súa actividade económica no tempo e así acadar a debida protección e mantemento do emprego, obxecto último desta subvención.

Preténdese protexer o interese xeral dos veciños de Ponte deume, dando soporte ás persoas autónomas con establecementos pechados, para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas máis afectadas, como as persoas autónomas.

### 2.- Normativa reguladora.

1. A presente convocatoria rexeráse, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (BOP número 142, do 21/06/2008), así como, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta tamén que a actual declaración do estado de alarma limita a circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público

4. A convocatoria destas subvencións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, así como na Base de datos Nacional de subvencións (BDNS).

### 3.- Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender as solicitudes destas subvencións ascende a un importe de 50.000 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 241.48003, estando en tramitación actualmente o expediente de modificación de créditos número 7/2020 (en trámite de exposición pública, BOP número 64, de 28 de abril de 2020), quedando a efectiva concesión destas axudas condicionada á súa entrada en vigor.

Os fondos repartiranse por concorrencia competitiva, de acordo coa baremación regulada na base número 7 das presentes.

O importe a percibir por beneficiario fixarase en base á puntuación resultante da aplicación dos baremos e do número de solicitudes presentadas, cun máximo de 600 euros por solicitude, e co límite do crédito dispoñible.

### 4.- Quen pode solicitar esta subvención.

Autónomos/as que desenvolven a súa actividade no termo municipal de Ponte deume, e que se tivera visto afectado/a polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo, derivada da situación de alarma sanitaria, de forma que se mantéña a actividade, e, consecuentemente o emprego, ou se proceda a novas contratacións.

Só poderá ser subvencionada una solicitude por empresa/negocio, aínda que varios socios da empresa/negocio sexan traballadores/as autónomos/as dela; igualmente só será subvencionada unha empresa/negocio, independentemente de ter varios centros de traballo ou ter de alta varias actividades económicas subvencionables.

### 5.- Requisitos dos solicitantes.

1. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), autonómica e local, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, para o que se deberá presentar o correspondente certificado ou autorización para que este Concello poida consultalo (Modelo de Anexo I).

2. Estar dado de alta no imposto de actividades económicas e desenvolver a súa actividade subvencionable no Concello de Ponte deume.

### 6.- Prazo de forma de presentación de solicitudes.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As solicitudes estarán dispoñibles na Sede Electrónica do Concello de Ponte deume e tramitaranse por vía telemática. Deberá presentarse o Anexo I debidamente cuberto e asinado xunto coa documentación acreditativa que proceda, de acordo co sinalado nestas bases.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), que deberá ser tamén obxecto de publicidade na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido ou a non utilización, se é o caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio (ANEXO I) serán causas de inadmisión da solicitude, sen posibilidade de subsanación.

Xunto coa solicitude poderá presentarse a conta xustificativa dos gastos nos que xa se tivese incorrido e que sexan subvencionables.

O Período subvencionable abranguerá dende o 01.01.2020 ata o 31.12.2020.

Os gastos xustificativos que se poden presentar para ter dereito ao pagamento da subvención serán os seguintes (deberá acreditarse en todo caso o efectivo pagamento da contía xustificada, e acreditación documental xustificativa):

- ✓ Cotas á seguridade social do traballador autónomo e xustificante do pagamento.
- ✓ Nóminas dos empregados por conta allea e contrato (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais) e xustificante do pagamento
- ✓ Gastos de xestoría. Deberá presentar facturas e xustificante do pagamento.
- ✓ Alugueiro do local. Deberá presentarse facturas e contrato de aluguer, así como xustificante do pagamento.

### 7.- Baremación e puntos.

A valoración máxima por solicitante será de 10 puntos, de acordo coa seguinte posible puntuación:

- a) 2 puntos por ter suspendida a actividade en base ao establecido no R.D. 463/2020, de 14 de marzo.
- b) 2 punto por un empregado por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)
- c) 4 puntos por 2 empregados por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)
- d) 5 puntos por 3 ou máis empregados por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)
- e) 1 punto por cada mes de mantemento da actividade (cun máximo de 3), a maiores dos tres meses que se recollen como obriga dos beneficiarios de mantemento da actividade no punto 9; no caso de puntuar nos apartados "b", "c" ou "d", deberá manterse a contratación de dito persoal.

O importe a percibir por beneficiario fixarase, co límite do crédito dispoñible, en base á puntuación resultante da aplicación dos baremos e do número de solicitudes presentadas, cun máximo de 600 euros por solicitude.

### 8.- Documentación a acompañar a solicitude (ANEXO I).

- DNI ou NIE
- Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade. (IAE)



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- Modelo designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- Xustificación de gastos e pagos que nos que incurran dende o 1 de xaneiro de 2020 (xunto con declaración xurada dos compromisos baremables e xustificación documental da situación dos traballadores por conta allea -ERTE, Contratos, nómina, etc.-)

Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións (MODELO DE ANEXO I):

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da súa solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

3.- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Autonómica e Local, fronte á Seguridade Social (TGSS), ou autorización para a súa consulta, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante.

### 9.- Instrucción do procedemento.

1. A instrución do procedemento corresponderá ao Técnico local de emprego (Departamento de Desenvolvemento Local), quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Logo de que transcorra o prazo establecido para alegar ou emendar as solicitudes requiridas para iso e informadas polo órgano instructor, este elevará proposta de acordo que, previa fiscalización, se someterá á aprobación do órgano competente e se procederá á súa publicación.

4. Resolución provisional, outorgando un prazo de alegacións ou enmendas de 10 días hábiles. Unha vez transcurrido dito prazo, procederase aunha resolución definitiva. A resolución do expediente será adoptada pola Alcaldía, ou órgano en que delegue.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O acordo de concesión de subvencións conterá tanto o outorgamento das subvencións, que fixará expresamente a súa contía, e incorporará, se é o caso, as condicións, obrigas e determinacións accesorias a que debe suxeitarse a persoa beneficiaria destas, como a desestimación expresa do resto das solicitudes, se é o caso, e as causas de denegación.

5. O acordo será obxecto de publicación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións, servindo esta publicación para os efectos da notificación.

6. O prazo máximo de resolución do procedemento será de seis meses desde a data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

### 10.- Pagamento da subvención.

1. O pagamento desta subvención realizarase ata a contía máxima xustificada correctamente (e sempre co límite do importe total concedido) de acordo co punto 6 (documentación xustificativa achegada xunto coa solicitude).

En caso de concederse maior contía ca o importe xustificado e achegado coa solicitude de subvención, e xa que o importe concedido pode xustificarse ata o 31/12/2020, poderán presentarse cantas xustificacións parciais se consideren oportunas, que, unha vez aprobadas, e ata o límite da contía concedida, serán pagadas mediante transferencia bancaria.

2. En caso de incumprimento das obrigas ou compromisos achegados, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Departamento de Desenvolvemento Local iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, proporá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos (ou da parte proporcional que corresponda), xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

### 11.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias.

Son obrigas dos beneficiarios da axuda:

- Manter a actividade económica durante "3" meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao do levantamento do estado de alarma
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as detalladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume.
- Xustificar a subvención segundo o establecido nas presentes bases
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

### 12.- Xustificación das axudas.

Poderán presentarse cantas xustificacións parciais se estimen necesarias achegando a documentación xustificativa que se indica nas presentes bases sendo o prazo máximo de xustificación ata o 31/12/2020, coincidente co período subvencionado.

### 13.- Reintegro das subvencións.

1. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexeráse polo disposto na LXS e no RLXS.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

En particular, operarán a seguinte causa de reintegro:

- Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial/contratacións o tempo declarado obxecto de baremación procederá ao reintegro da parte proporcional dos meses pendentes do cumprimento.

3. Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención ou percepción doutra subvención que faga superar o 100% da actividade subvencionada, a persoa beneficiaria deberá comunicar ao órgano xestor por rexistro electrónico este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade en exceso percibida.

Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os xuros de mora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

### ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS CONCELLO DE PONTEDEUME PARA FOMENTO DE EMPREGO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DOS AUTÓNOMOS

#### 1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI/NIE:  
Apelidos e nome:  
Enderezo:  
Teléfono:  
Correo electrónico:

#### 2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo:  
Teléfono:  
Correo electrónico:

Autorizo á notificación electrónica como medio de notificación preferente

#### 3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Actividade económica:  
Epígrafe IAE:  
Código CNAE:  
Enderezo fiscal/actividade:

Autónomo Individual Autónomo Societario Autónomo Colaborador Autónomo Dependente  
Número total de autónomos por establecemento  
Representante/DNI:

#### 4.- AUTORIZACIÓNS





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Ponte deume, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.

Si   
Non

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Técnico local de emprego ou instructor do procedemento, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Ponte deume que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Técnico local de emprego ou departamento instructor, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Técnico local de emprego ou departamento instructor, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Técnico local de emprego ou departamento instructor.

Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os xuros de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Si   
Non

### 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida pola empresa viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 4/2020 de 14 de marzo

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptor do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

Que a persoa solicitante se encontra ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Administración Xeral da Seguridade Social así como co Concello de Ponte deume

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro

Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables

### 6.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

	DNI/NIE.
autor	Alta no Censo de Obrigos Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas, no caso de non a súa comprobación.
espe	Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
	Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
	Xustificantes do gasto que se acredita para o pagamento, concretamente os seguintes:

**SEGUNDO.** - Con respecto ao punto anterior, a aprobación do gasto derivado da aprobación das bases, condicionase a entrada en vigor da modificación de crédito 7/2020; non sendo posible que se adxudiquen as axudas en tanto a modificación de crédito non entre en vigor.

**TERCEIRO.** - Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal, no taboleiro da sede electrónica (<https://sede.pontedeume.gal>), así como na páxina web municipal ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)).

**CUARTO.**- Dar traslado do contido da presente resolución ao departamento responsable do expediente, así como ao departamento de Intervención, tendo en conta os efectos económicos do presente acto administrativo.

**QUINTO.**- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, po lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**SEXTO.**- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

